

Ordinario 30º-B



XEREMÍAS 31, 7-9: *Guiarei entre consolos os cegos e os coxos.*

Isto di o Señor: «Gritade de ledicia por Xacob, reloucade pola flor dos pobos; proclamade, encomiade e dicide: "O Señor salvou o seu pobo, salvou o resto de Israel!". Traereinos do país do norte, reunireinos dos confíns da terra. Entre eles haberá cegos e coxos, o mesmo preñadas que paridas: volverá unha enorme multitude.

Virán todos chorando e eu guiareinos entre consolos; levareinos a torrentes de auga, por camiño chan, sen tropezos. Serei un pai para Israel, Efraín será o meu primoxénito». *Palabra do Señor.*

SALMO 125 R/. O Señor estivo grande connosco, e estamos alegres.

HEBREOS 5, 1-6: *Ti es sacerdote eterno, segundo o rito de Melquisedec.*

MARCOS 10, 46-52: *"Rabbuni", fai que recobre a vista.*

Narrador: Naquel tempo, ao saír Xesús de Xericó cos seus discípulos e bastante xente, un esmoleiro cego, Bartimeo (o fillo de Timeo), estaba sentado ao bordo do camiño pedindo esmola. Ao oír que era Xesús Nazareno, empezou a gritar:

Bartimeo: -«*Fillo de David, Xesús, ten compaixón de min*».

Narrador: Moitos increpábano para que calase. Pero el gritaba máis:

Bartimeo: -«*Fillo de David, ten compaixón de min*».

Narrador: Xesús detívose e díxolles:

Xesús: -«*Chamádeo*».

Narrador: Chamaron o cego, dicíndolle:

Apóstolos: -«*Ánimo, levántate, que te chama*».

Narrador: Soltou o manto, deu un brinco e achegouse a Xesús. Xesús díxolle:

Xesús: -«*Que queres que che faga?*».

Narrador: O cego contestoulle:

Bartimeo: -«*"Rabbuni", que recobre a vista*».

Narrador: Xesús díxolle:

Xesús: -«*Anda, a túa fe salvoute*».

Narrador: E ao momento recobrou a vista e seguía polo camiño. **Palabra do Señor.**

(Narrador- Bartimeo- Xesús – Apóstolos)



Porque CREO, VEXO. Quitame a venda dos ollos... E seguireite.

1. VER: Os cegos

-Podemos partir dun xogo. Vendámoslle os ollos a un, dámoslle varias voltas ao redor e logo pedímoslle que camiñe algo. Pedímoslle que nos conte o que sentiu. Logo poñémoslle a alguén que o guíe nunha fila de obstáculos.

-No mundo hai moitos cegos que viven esta experiencia de inseguridade, de medo a tropezar, de non saber cara a onde dirixirse. Necesitan un bastón, un can ou un lazarillo. **Que cousas belas non poden ver os cegos? Como se sentirán?**

2. XULGAR: Ver a realidade sen cegueiras nin miopías :

-No evanxeo, do domingo descubrimos a **Bartimeo** que ao verse cego busca remedio en Xesús: está ao bordo do camiño, deixa o manto, grita, brinca, déixase acompañar e animar, suplica: **"Xesús, que poida ver"**. Xesús devólvelle a vista e dille: **"Anda, a túa fe curoute"**. E el séguese...

QUE NOS QUERE DICIR?

- **Que cambio se realizou en Bartimeo?** recuperou a vista, pode coñecer o rostro dos seus pais, dos seus irmáns, dos seus amigos. Pode ver as cores, as flores, valerse por si mesmo.

-**Que tal andas de vista?** Algúns de nós non temos boa vista, acudimos ao oculista, ponnos colirio, lentes de contacto ou opéranos. Pero hai outras miopías que nos afectan: ser cegos de conveniencia, non querer ver o que nos necesita, deixarse levar pola comodidade ou o interese... **É a cegueira de corazón**, a peor cegueira... *Só Xesús pode curarte para ver co corazón.*

-**E a cegueira da falta de fe?** Hai persoas que só creen o que ven. O que cre, ve. Ve a realidade cos ollos e coa luz de Xesús, coas gafas do Espírito. *Só Xesús pode poñer nos teus ollos o colirio da fe.*

Cales son as túas cegueiras? Deixas que te cure? Como?

3. ACTUAR: Quitame, Xesús, a venda dos meu ollos

- Dialogade que tipo de cegueira tendes e pedídelles a Xesús que quite a venda dos teus ollos. E logo como Bartimeo síguese.

-Xesús resucitado é a luz do mundo. O cirio pascual representa a Xesús resucitado. Acendamos as nosas candeas no cirio e pidámoslle a Xesús que acudamos a el pedíndolle que encha o noso corazón de luz, que nos axude a non ser cegos, e que nos dea o colirio da fe para ver a vida cos seus ollos.

-Pensade nos que están ao bordo do camiño (marxinados, sen fe) e vede como axudalos a ver de novo

Que imos facer?